CONCELLO DO GROVE – EDICTO

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 12.05.2020, acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358

Cod. Validación: [redacted]
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1